



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO
(A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2025.**

ASISTENTES

ALCALDESA

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO PP**

Alberto Balado Ramonde

Andrés M. Balado Noal
(incorpórase ás 11:05 h)

GRUPO PSG-PSOE

Jonathan I. Miranda Lucas

Carlos Pernas Fraguela

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán

AUSENTES:

M^a José Fraguela López

Miriam Rodríguez Fernández

Nuria Oliveira Álvarez

Pablo Fraguela Casás

SECRETARIA: Alejandra

Pardo Vázquez

INTERVENTORA :

Ausente

Na Casa do Concello, ás once horas do día catro de novembro de 2025, reúnense os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria.

Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben



ORDE DO DIA:

PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: DE 25/09/2025

SEGUNDO: TOMA DE COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO PARTIDO POPULAR ANDRÉS MANUEL BALADO NOAL (EXPDTE 2023/X999/000032).

TERCEIRO: PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ (EXPDTE 2025/E005/000013)

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 25/09/2025.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións áss actas da sesión do 25/09/2025, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Carlos Durán comenta que na páxina nove, aparecen os seus apelidos en orde inverso. Solicita que se cambie.

Coa corrección indicada, sométese a votación a acta, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.

SEGUNDO: TOMA DE COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO PARTIDO POPULAR ANDRÉS MANUEL BALADO NOAL (EXPDTE 2023/X999/000032).

Visto o ditame da Comisión informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 30/10/2025 que di:

O Concello, por acordo do Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz do posto de concelleira do Partido Popular.



O Concello solicitou á Xunta Electoral Xeral que lle foran enviadas as credenciais do seguinte na lista das eleccións municipais celebradas en data 28/05/2023.

Recibida a credencial do seguinte concelleiro (Andrés Manuel Balado Noal) pola Xunta Electoral Central.

Acreditada pola Secretaría xeral que, de conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o interesado da cumprimento, antes da súa toma de posesión, ao rexistro de intereses sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como o rexistro de intereses de bens patrimoniais.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte **DITAME**:

PUNTO ÚNICO: Toma coñecemento da toma de posesión de ANDRÉS MANUEL BALADO NOAL do cargo de concelleiro do Partido Popular en substitución de Laura García Ruíz.

Andrés Manuel Balado Noal xura o seu cargo, e o pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, toma coñecemento da toma de posesión do novo concelleiro.

TERCEIRO: PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ (EXPDTE 2025/E005/000013)

Visto o ditame da Comisión informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 30/10/2025 que di:

“Visto o escrito de renuncia de data 05/09/2025 da secretaria do xulgado de paz, e a providencia da Alcaldía de data 06/10/2025.

Considerando o disposto no informe de secretaría de data 07/10/2025.

Visto que o artigo 439 quinquies, apartado 3, da LOPX determina que para a atención nas oficinas de xustiza dos municipios integradas nas referidas agrupacións que non estean dotadas con persoal da Administración de xustiza, os Concellos nomearán persoal funcionario, laboral, ou en defecto de ambos, persoa idónea para auxiliar ao persoal dos Corpos ao servizo da Administración de xustiza na prestación dos servizos nese municipio. Os



**CONCELLO
DE CARIÑO**



requisitos de idoneidade que deberá reunir a persoa que non teña a condición de funcionario público virán establecidos na propia norma na que se constitúan as referidas agrupacións. En todo caso, a designación deberá recaer en persoas maiores de idade que non estean incursas en causas que impidan o exercicio dun cargo público. O auxilio que preste este persoal non comprenderá aquelas actuacións cuxa execución estea reservada ao persoal da Administración de xustiza.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Aceptar a renuncia presentada en data 05/09/2025 por María Vicenta Galdo Panceira con DNI nº 72.690.453-B como Secretaria do Xulgado de Paz do Concello de Cariño, con efectos do día 05/09/2025.*

SEGUNDO : *Propoñer como secretaria do xulgado de paz á empregada municipal María Carolina Mouríz Díaz, con DNI nº 76.417.984-R, persoal laboral fixo deste Concello, pertencente á escala de administración xeral (grupo profesional IV), posto de auxiliar administrativa”.*

A Alcaldesa explica que a anterior secretaria do xulgado presentou a súa renuncia e que agora se trae este expediente a pleno para nomear a outra empregada municipal.

Carlos Castro pregunta se o horario do xulgado se vai a modificar, e a Alcaldesa resposta que en principio quedaría igual.

Jonathan Miranda comenta que revisando a proposta que está asinada o sete de outubro, e que se se trata de un tema urxente, non entende como non se convoca o pleno ata o día 27.

Ana M^a López dille que coincide a data coa que presentou a secretaria do xulgado a renuncia.

Jonathan Miranda insiste en que a proposta da Alcaldía é do 7 de outubro, e que pasaron vinte días ata a convocatoria do presente pleno.

Ana M^a López comenta que se aproveitou para levar máis cousas, como a toma de posesión do novo concelleiro.



Jonathan Miranda dille que tamén podía agardar ata o pleno ordinario do mes de novembro.

A Alcaldesa di que había que ir adiantando cousas.

O Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros presentes

ACORDA:

PRIMEIRO: Aceptar a renuncia presentada en data 05/09/2025 por María Vicenta Galdo Panceira con DNI nº 72.690.453-B como Secretaria do Xulgado de Paz do Concello de Cariño, con efectos do día 05/09/2025.

SEGUNDO : Proponer como secretaria do xulgado de paz á empregada municipal María Carolina Mouríz Díaz, con DNI nº 76.417.984-R, persoal laboral fixo deste Concello, pertencente á escala de administración xeral (grupo profesional IV), posto de auxiliar administrativa.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as once horas e sete minutos.

A Alcaldesa

A Secretaria

Ana Mª López Fernández

Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE